



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA NOVE DE XUÑO DE 2020 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día nove de xuño de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/05/2020).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 202099900000135 de Unión Fenosa Distribución, S.A- Gas Naturgy -UFD

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución de Electricidad, S.A. solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica 14,49 Kw para vivenda unifamiliar en O Burgo (Vedra), paso aéreo subterráneo (PAS) en apoio existente e a acometida subterránea sendo a lonxitude total da canalización de 3,00 metros, segundo indica na carpeta de permisos denominada R.B.T Lugar Burgo POL 503 PARC 1065 (VEDRA), SGD: 618520020272, (expediente núm.: 2020/U022/000015), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pablo López Alonso, en calidade de Enxeñeiro Industrial.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Pablo López Alonso e de data 08/05/2020.

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (RXE núm.: 216, do 17/02/2020).

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.2.- Comunicación previa de obra de don Francisco Seoane Sende. (Expediente núm. 2020/U026/000014 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Francisco Seoane Sende para cerre de 1,8 m de altura dos que 1,5 m. será adobe gris súper recebado e pintado en branco, os 30 cm restantes levarán algún tipo de valla que permita ver na súa parte frontal. Recuarase 8 m do eixo da vía. Polos laterais o cerre terá 1,75 m de altura dos que 25 cm será adobe gris súper recebado e pintado en branco, os 1.5 m restantes serán de malla simple torsión verde. Respetaranse os lindes da parcela.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 8363403NH4386S0001RD, emprazada en Castro- Ponte Ulla (Vedra), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido e aos datos comunicados. Deberase garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes, cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e dous euros con oitenta e catro céntimos (#52,84#).

2.3.- Comunicación previa de obra de dona Elvira Bernárdez Mallo. (Expediente núm. 2020/U026/000017)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Elvira Bernárdez Mallo para rehabilitación de vivenda consistente no pintado de fachadas.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001102400NH44A, emprazada en Quintáns, nº 28 – San Xián de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados. A cor a utilizar nas fachadas será acorde de ca paisaxe rural medio rural e as edificacións tradicionais do asentamento.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e catro euros (#64,00#).

2.4.- Instancia núm. 202000000000279 de dona Mónica Fernández Piñeiro. (Expediente núm. 2020/U022/000007)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de reforma de vivenda unifamiliar en Paradela nº 1- San Xián de Sales (Expediente núm.: 2020/U022/000007), en solo cualificado como Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R-2), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, nos termos da documentación técnica achegada redactada polo arquitecto D. Cesar Coll Núez, con número de visado 2000985,2 e de data 27/02/2020 e no plano modificado con número de visado 2000985,3 e de data 20/05/2020.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001100300NH44A.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, por canto é de aplicación a esta reforma o disposto no artigo 40 e demais de aplicación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por César Coll Núez, en calidade de arquitecto, e descrita en parágrafos anteriores.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de seiscentos corenta e seis euros con vinte e un céntimos (#646,21#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don Luís Justo Vázquez Rios. (Expediente núm. 2020/U026/000016)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Luís Justo Vázquez Rios para rehabilitación de edificación consistente en repoñer tellas rotas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000903300NH43E, emprazada en Pousada de Abaixo -Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados. Debe manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Instancia de Construcciones y Suministros Boqueixón, S.L. (Expdte. núm. 2020/U018/000008)

Dáse conta da citada instancia na que don Jesús López López, en representación de Construcciones y Suministros Boqueixón solicita licenza para parcelamento da finca 431, polígono 507, situada en Argunte –San Mamede de Ribadulla, en catro parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Carlos Valderrama Ferrando, Arquitecto col. n\_ 2969 COAG.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión dos Núcleos Rurais (N-2) e Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Argunte –San Mamede de Ribadulla, nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, e que ascenderon á cantidade de douscentos corenta euros (#240,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 189,60 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.7.- Comunicación previa de obra da AA.VV San Pedro. (Expediente núm. 2020/U026/000010 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Antonio Barros Araujo, en calidade de Presidente da AA.VV San Pedro, de San Pedro de Sarandón, para acondicionamento do espazo dedicado a almacén no local social de San Pedro de Sarandón revestindo as paredes laterais con morteiro e pintado do chan con pintura de dous compoñentes. Limpeza do tellado do local social e reparación de defectos construtivos da parede exterior pola que filtra a auga por esta parede, esta actuación contempla a impermeabilización do canlón existente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000901000NH43C0001JR, emprazada en San Pedro- San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución de 12 meses.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con data do 26/05/2020 para as actuacións pretendidas. Expediente 840/20.



A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados e á autorización concedida.

Segundo.- Non liquidar as taxas en imposto correspondente ao tratarse dunha obra de interese xeral.

2.8.- Instancia núm. 202099900000159 de don Alberto Estalote Gómez. (Expediente número 2020/U007/000006)

Dáse conta da citada instancia na que don Alberto Estalote Gómez, solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda construída ao abeiro do expediente 83/2020, no lugar de Xián na parroquia de San Andrés de Trobe, neste termo municipal, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa en calidade de arquitecto.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (expdte.: 2020/U007/000006) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.**

3.1.- Solicitud de Excavaciones José Varela Iglesias, S.L (Expediente núm. 2020/X002/000002)

Dáse conta da instancia na que dona Ana María Varela Ferreiro, en representación de Excavaciones José Varela Iglesias, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Acondicionamento de camiños en Paizás -Trobe (Convenio con Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)*, logo de rematado o prazo de garantía da mesma.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda que se proceda á devolución do citado aval.

3.2.- Solicitud de Excavaciones José Varela Iglesias, S.L (Expediente núm. 2020/X002/000003)

Dáse conta da instancia na que dona Ana María Varela Ferreiro, en representación de Excavaciones José Varela Iglesias, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Acondicionamento de camiños en Trobe, Vedra e San Pedro de Sarandón (PMM 2017-2018)*, logo de rematado o prazo de garantía da mesma.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda que se proceda á devolución do citado aval.

### 4º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2020/9 (expediente electrónico núm. 2020/X999/000046), que ascende a un importe total de 85.737,21 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as facturas contidas na citada relación.

### 5º.- Aprobación gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 18 de maio de aprobación de gastos de asistencias á Comisión do seguimento da COVID-19 e fondo social de traballadores municipais, por importe de 1.339,52 euros.

### 6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de maio:


| DECRETO | DATA       | ASUNTO   |
|---------|------------|--|
| 192     | 05/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 193     | 07/05/2020 | Designación técnicos Mesa de Contratación licitación obra de <i>Colectores Xerais e Edar de Vedra (POS +2019)</i>                                  |
| 194     | 08/05/2020 | Aprobación conta xustificativa 2019 e anticipo dos fondos para o ano 2020 da Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla                  |
| 195     | 12/05/2020 | Axuda de emerxencia social   |
| 196     | 12/05/2020 | Aprobación do padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga potable do 1º trimestre de 2020  |
| 197     | 12/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 198     | 13/05/2020 | Adxudicación da obra de recheo de tapas da rede de saneamento en Matelo –San Xián de Sales a OVIGA, S.L (Expdte. contrato menor 2020/C002/0000011) |
| 199     | 13/05/2020 | Acordando render a Conta Xeral do exercicio 2019 e sometela a ditame da C. I. de Economía e Especial de Contas                                     |
| 200     | 13/05/2020 | Cambio de titularidade recibo taxa de lixo da vivenda núm. 34 de Xián –Trobe   |
| 201     | 14/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 202     | 14/05/2020 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes  |
| 203     | 15/05/2020 | Cumprimento trienios persoal municipal   |
| 204     | 15/05/2020 | Cambio titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 41 de Xián –Trobe   |
| 205     | 18/05/2020 | Alta no servizo de axuda no fogar-Libre concorrencia de VNF  |
| 206     | 18/05/2020 | Aprobación do canon da auga do 1º cuadrimestre de 2020   |
| 207     | 18/05/2020 | Concesión de axuda de emerxencia social a CMV  |
| 208     | 18/05/2020 | Pagamento axuda de emerxencia social concedida a PRL   |
| 209     | 18/05/2020 | Recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2020   |





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



|     |            |  |
|-----|------------|--|
| 210 | 19/05/2020 | Recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2020   |
| 211 | 19/05/2020 | Adxudicación a José Cea, S.L da colocación de portas automáticas na entrada da Casa do Concello e Xulgado de Paz (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000012)                             |
| 212 | 19/05/2020 | Adxudicando a Reparaciones Sinde, S.I obra de arranxo de soportal no CEIP de Ortigueira (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000013)  |
| 213 | 19/05/2020 | Adxudicando a Luís y Alfonso, S.C obra de desmontaxe de muro e arranxo de ximnasio no CEIP de Ortigueira (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000014)                                     |
| 214 | 20/05/2020 | Modificación de créditos 5/2020  |
| 215 | 20/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 216 | 20/05/2020 | Cambio de titularidade recibos taxas de lixo e sumidoiros vivenda núm. 9 de Castro –Ponte Ulla   |
| 217 | 21/05/2020 | Requirimento limpeza e acondicionamento de finca   |
| 218 | 21/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 219 | 21/05/2020 | Adxudicación a Oviga, S.L obra de Saneamento en Romarís (POS +2019) mediante procedemento aberto simplificado  |
| 220 | 21/05/2020 | Concesión de axuda de emerxencia social a AMGI   |
| 221 | 21/05/2020 | Concesión de axuda de emerxencia social  |
| 222 | 21/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 223 | 26/05/2020 | Aprobación bases proceso selectivo contratación Plan de Integración Laboral Concello de Vedra 2020   |
| 224 | 26/05/2020 | Aprobación pago provedor de bonos de alimentos   |
| 225 | 26/05/2020 | Adxudicando a Itaca Software Libre, S. Cooperativa Galega de proxecto de posta en marcha dun marketplace dispoñible para o comercio de Vedra (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000015) |
| 226 | 26/05/2020 | Acordo de flexibilizar ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social  |
| 227 | 26/05/2020 | Adxudicación a Juan José Torreira Velo de contrato de roce da Ruta de Sendeirismo San Xoán da Cova (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000016)   |
| 228 | 26/05/2020 | Aprobando memoria e solicitude de subvención plan acción para o clima e a enerxía  |
| 229 | 27/05/2020 | Concesión de axuda de emerxencia social  |
| 230 | 27/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 231 | 27/05/2020 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes  |
| 232 | 28/05/2020 | Aprobación nóminas do mes de maio  |
| 233 | 28/05/2020 | Ampliación intensidade SAF –Dependencia con cargo ao servizo extraordinario COVID-19 a EBB   |
| 234 | 28/05/2020 | Aprobación compensación da orde de apagamento indirecto por bonos de alimentos a García Sarandón, S.L  |
| 235 | 28/05/2020 | Ampliación intensidade SAF a RGP con cargo ao servizo extraordinario do COVID-19   |
| 236 | 28/05/2020 | Ampliación intensidade SAF con cargo ao servizo extraordinario do COVID-19   |
| 237 | 28/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 238 | 28/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes   |
| 239 | 29/05/2020 | Inicio expediente de contratación da obra de <i>Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte</i> (POS + Adicional 1/2020) mediante procedemento aberto simplificado           |



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



|     |            |  |
|-----|------------|--|
| 240 | 29/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes |
| 241 | 29/05/2020 | Alta no padrón municipal de habitantes |

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

### 7º.- Outros asuntos.

7.1.- Instancia nº 308/20 de don Manuel López Carreira para renovación autorización funcionamento de furancho.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Manuel López Carreira, para renovar o funcionamento un establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 1 (San Miguel de Sarandón) - Vedra.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno toma coñecemento do declarado e nos termos da documentación presentada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguintes documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.

- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño e memoria da cantidade de viño da que se dispón para a tempada.

- Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón que resulta ser de 1.000 litros de uva tinta e de 1.000 litros de uva branca .

O novo período de apertura será do 1 de marzo ao 1 de xuño de 2020.

Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.



**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 09-06-2020

| Núm. Entrada<br>Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social<br>Texto Explicativo   | Núm.Doc.<br>Fec.Doc.     | Situación<br>Grupo Factura | - APLICACIÓN - |      |       |                 | I.V.A.<br>Deducible<br>Euros | - DESCUENTOS - |          | Importe Fac.<br>Euros |                     |          |
|-------------------------------|--|--------------------------|----------------------------|----------------|------|-------|-----------------|------------------------------|----------------|----------|-----------------------|---------------------|----------|
|                               |  |                          |                            | Año            | Org. | Prog. | Econ.           |                              | RC,A,D         | Importes |                       | Conceptos Descuento | Importes |
|                               |  |                          |                            |                |      |       |                 |                              |                | Euros    |                       |                     | Euros    |
| F/2020/883<br>07/05/2020      | G15483498 Agadea<br>Programa "Envelhecimento Activo Vedra". Xaneiro a marzo 2020   | 2020- 124<br>30/04/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231  | 48000 |                 | 500,00                       |                |          | 500,00                |                     |          |
| F/2020/911<br>12/05/2020      | B36875938 Atendo Calidade, S.L.<br>Fra: E20/00240. Servizo de axuda no fogar para a dependencia. Abril/2020. (Horas laborables e festivas)                     | E20/00240<br>30/04/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231  | 22799 | AD:220200000001 | 28.630,53                    |                |          | 28.630,53             |                     |          |
| F/2020/912<br>12/05/2020      | B36875938 Atendo Calidade, S.L.<br>Fra: E20/00243. Servizo de axuda no fogar para a dependencia. Abril/2020. (Horas laborables libre concorrencia IVE 10%)     | E20/00243<br>30/04/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231  | 22799 | AD:220200000001 | 2.664,00                     |                |          | 2.664,00              |                     |          |
| F/2020/913<br>12/05/2020      | B36875938 Atendo Calidade, S.L.<br>Fra: E20/00239. Servizo de axuda no fogar para a dependencia. Abril/2020. (Horas laborables libre concorrencia. IVE 4%)     | E20/00239<br>30/04/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231  | 22799 | AD:220200000001 | 2.030,59                     |                |          | 2.030,59              |                     |          |
| F/2020/915<br>13/05/2020      | B36926640 Trapega Prevención de Riesgos, S.L.<br>Contrato servizo de vixiancia da saúde. Anualidad 2019-2020 (Pago nº1/4) Período del 13/11/2019 al 12/02/2020 | PT 03175<br>01/03/2020   | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 920  | 22706 | AD:220200000028 | 246,54                       |                |          | 246,54                |                     |          |
| F/2020/917<br>18/05/2020      | B15027089 Automoviles Louzao, S.L.U.<br>Reparacións e mantemento do vehículo 9047HPG camión recollida do lixo. (Radiador, amortiguadores, discos freo,)        | 32142189 0<br>14/05/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 1621 | 21400 |                 | 4.470,02                     |                |          | 4.470,02              |                     |          |

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 09-06-2020

| Núm. Entrada<br>Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social<br>Texto Explicativo   | Núm.Doc.<br>Fec.Doc.     | Situación<br>Grupo Factura | - APLICACIÓN - |                  |        |                 | I.V.A.<br>Deducible<br>Euros | - DESCUENTOS -      |          | Importe Fac.<br>Euros |           |
|-------------------------------|--|--------------------------|----------------------------|----------------|------------------|--------|-----------------|------------------------------|---------------------|----------|-----------------------|-----------|
|                               |  |                          |                            | Año            | Org. Prog. Econ. | RC,A,D | Importes        |                              | Conceptos Descuento | Importes |                       |           |
|                               |  |                          |                            |                |                  |        | Euros           |                              |                     | Euros    |                       |           |
| F/2020/920<br>19/05/2020      | J70299318 Forno San Xian, S.C.<br>(Rep. Marina Silva Peña)<br>Elaboración de orellas para o Entroido municipal   | 046<br>15/02/2020        | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 334              | 22699  |                 | 110,00                       |                     |          | 110,00                |           |
| F/2020/921<br>20/05/2020      | 110 Acredores diversos<br>Fra. de Mucha Peluquería (Vedra) por servizo do premio ao Mellor Disfraz en Parella do Entroido Municipal 2020                         | T-2314<br>14/05/2020     | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 334              | 22699  |                 | 30,00                        | 2020                | 40100    | 30,00                 | 30,00     |
| F/2020/922<br>20/05/2020      | B36033330 Hierros Diego, S.L.<br>Tubaxe negra cadrada para almacén na nave de Trobe  | VFR2003276<br>15/05/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 1531             | 21300  |                 | 28,08                        |                     |          |                       | 28,08     |
| F/2020/923<br>25/05/2020      | V15087232 Banda de Musica de Santa Cruz de Ribadulla<br>Actuacións musicais segundo convenio en Ponte Ulla, San Fins, San Pedro de Vilanova e Santa Cruz en 2019 | 0385<br>21/05/2020       | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 334              | 22609  |                 | 4.000,00                     |                     |          |                       | 4.000,00  |
| F/2020/924<br>26/05/2020      | B36875938 Atendo Calidade, S.L.<br>Fra: E20/00263. SAF para a dependencia. Abril/2020. (Horas libre concorrencia non prestadas polo COVID-19. IVE 10%)           | E20/00263<br>26/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231              | 22799  | AD:220200000001 | 2.293,74                     |                     |          |                       | 2.293,74  |
| F/2020/926<br>27/05/2020      | A15000391 Editorial Compostela, SA<br>Concerto publicidade asinado de xullo/2019 a xuño/2020. Maio/2020  | P 1547<br>27/05/2020     | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 920              | 22602  |                 | 291,67                       |                     |          |                       | 291,67    |
| F/2020/927<br>28/05/2020      | B36875938 Atendo Calidade, S.L.<br>Fra: E20/00262. SAF para a dependencia. Abril/2020. (Horas laborables e festivas non prestadas polo COVID-19. IVE 4%)         | E20/00262<br>26/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231              | 22799  | AD:220200000001 | 11.059,19                    |                     |          |                       | 11.059,19 |

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 09-06-2020

| Núm. Entrada<br>Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social<br>Texto Explicativo   | Núm.Doc.<br>Fec.Doc.     | Situación<br>Grupo Factura | - APLICACIÓN - |            |             |                 | I.V.A.<br>Deducible<br>Euros | - DESCUENTOS - |                     | Importe Fac.<br>Euros |          |
|-------------------------------|--|--------------------------|----------------------------|----------------|------------|-------------|-----------------|------------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|----------|
|                               |  |                          |                            | Año            | Org. Econ. | Prog. Econ. | RC,A,D          |                              | Importes       | Conceptos Descuento |                       | Importes |
|                               |  |                          |                            |                |            |             |                 |                              | Euros          |                     |                       | Euros    |
| F/2020/928<br>28/05/2020      | B15608193 Obras y Viales Galicia, SL (OVIGA)<br>Recheo de tapas de rexistro en vías en O Matelo (San Xián)   | EO20 123<br>28/05/2020   | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 1531       | 21000       | AD:220200002700 | 1.464,10                     |                |                     | 1.464,10              |          |
| F/2020/929<br>28/05/2020      | B15608193 Obras y Viales Galicia, SL (OVIGA)<br>Arranxo na rede de camiños municipais en Santa Cruz, San Miguel e San Mamede   | EO20 124<br>28/05/2020   | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 1531       | 21000       | RC:22020001303  | 2.855,60                     |                |                     | 2.855,60              |          |
| F/2020/930<br>29/05/2020      | G70030762 Fundación Refuxio de Animais<br>Cota fixa correspondente ao mes de abril/2020  | C 19-20<br>30/04/2020    | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 135        | 22799       |                 | 607,08                       |                |                     | 607,08                |          |
| F/2020/931<br>29/05/2020      | A66141185 Viaqua Gestion Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.<br>Xestión dos servizos de saneamento e depuración durante o mes de maio/2020                            | 2099200170<br>29/05/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 160        | 22799       | AD:220200000063 | 6.057,95                     |                |                     | 6.057,95              |          |
| F/2020/932<br>29/05/2020      | B70391800 Consultoría e informática para la gestión social S.L.<br>Cota de mantemento da plataforma Cibersad para o departamento de servizos sociais. Mes de maio/2020 | 20 260<br>29/05/2020     | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231        | 22706       | AD:220200000018 | 248,05                       |                |                     | 248,05                |          |
| F/2020/938<br>01/06/2020      | B70213806 Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U.<br>Informes e xestións urbanísticas no concello de Vedra no mes de maio/2020  | 17/2020<br>30/05/2020    | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 151        | 22706       |                 | 2.465,38                     |                |                     | 2.465,38              |          |
| F/2020/939<br>01/06/2020      | B70213806 Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U.<br>Redacción anteprojecto para obras de mantemento e seguridade en edificios municipais                                       | 18/2020<br>30/05/2020    | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 151        | 22706       |                 | 3.630,00                     |                |                     | 3.630,00              |          |

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 09-06-2020

| Núm. Entrada<br>Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social<br>Texto Explicativo   | Núm.Doc.<br>Fec.Doc.         | Situación<br>Grupo Factura | - APLICACIÓN -  |      |       |                 | I.V.A.<br>Deducible<br>Euros | - DESCUENTOS - |          | Importe Fac.<br>Euros |                     |          |
|-------------------------------|--|------------------------------|----------------------------|-----------------|------|-------|-----------------|------------------------------|----------------|----------|-----------------------|---------------------|----------|
|                               |  |                              |                            | Año<br>Proyecto | Org. | Prog. | Econ.           |                              | RC,A,D         | Importes |                       | Conceptos Descuento | Importes |
|                               |  |                              |                            |                 |      |       |                 |                              |                | Euros    |                       |                     | Euros    |
| F/2020/940<br>01/06/2020      | 78788105H Alvarez Fernandez<br>María Eva<br>Servizos de limpeza prestados no mes<br>de maio/2020   | L- 48<br>31/05/2020          | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020            | 320  | 22700 | AD:220200000033 | 1.590,00                     |                |          | 1.590,00              |                     |          |
| F/2020/941<br>01/06/2020      | A15717606 VSM Sistemas Coruña,<br>S.A.<br>Fra. CO 005167. Lectura contadores<br>impresora-fotocopiadora de servizos<br>sociais. Período<br>01/04/2020-29/05/2020 | CO 005167<br>29/05/2020      | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020            | 231  | 22000 |                 | 31,21                        |                |          | 31,21                 |                     |          |
| F/2020/942<br>01/06/2020      | A15717606 VSM Sistemas Coruña,<br>S.A.<br>Fra. CO 005168. Lectura contadores<br>impresora-fotocopiadora oficinas<br>xerais. Período 01/05/2020-29/05/2020        | CO 005168<br>29/05/2020      | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020            | 920  | 22000 |                 | 291,77                       |                |          | 291,77                |                     |          |
| F/2020/943<br>01/06/2020      | A15717606 VSM Sistemas Coruña,<br>S.A.<br>Fra. CO 005169. Lectura contadores<br>impresora-fotocopiadora planta baixa.<br>Período 01/05/2020-29/05/2020           | CO 005169<br>29/05/2020      | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020            | 151  | 22000 |                 | 118,74                       |                |          | 118,74                |                     |          |
| F/2020/944<br>01/06/2020      | B35664879 MHP Servicios de<br>Control, S.L.<br>Servizo integral de control horario do<br>persoal municipal. Período<br>01/05/2020-31/05/2020.                    | 3071687<br>31/05/2020        | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020            | 920  | 22706 |                 | 258,94                       |                |          | 258,94                |                     |          |
| F/2020/945<br>02/06/2020      | A81646564 DTS, SA (Digital +)<br>Subscrición a Movistar+ para a casa<br>da Terceira Idade durante o mes de<br>xuño/2020  | Recibo 06/2020<br>02/06/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020            | 231  | 22699 |                 | 93,00                        | 2020           | 40100    | 93,00                 | 93,00               |          |
| F/2020/946<br>02/06/2020      | B15026693 Espina & Delfin, SL<br>Subministración de auga ao concello.<br>1º Trimestre 2020. Contador:<br>I18MF903639K  | 43200101451<br>22/05/2020    | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020            | 161  | 22101 |                 | 1.096,95                     | 109,70         |          | 1.206,65              |                     |          |

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 09-06-2020

| Núm. Entrada<br>Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social<br>Texto Explicativo  | Núm.Doc.<br>Fec.Doc.      | Situación<br>Grupo Factura | - APLICACIÓN - |      |       |                 | I.V.A.<br>Deducible<br>Euros | - DESCUENTOS - |          | Importe Fac.<br>Euros |                     |          |
|-------------------------------|---|---------------------------|----------------------------|----------------|------|-------|-----------------|------------------------------|----------------|----------|-----------------------|---------------------|----------|
|                               |   |                           |                            | Año            | Org. | Prog. | Econ.           |                              | RC,A,D         | Importes |                       | Conceptos Descuento | Importes |
|                               |   |                           |                            |                |      |       |                 |                              |                | Euros    |                       |                     | Euros    |
| F/2020/947<br>02/06/2020      | B15026693 Espina & Delfin, SL<br>Subministración de auga ao concello.<br>1º Trimestre 2020.<br>Contador:D19BA028516   | 43200101452<br>22/05/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 161  | 22101 |                 | 27,36                        | 2,74           |          | 30,10                 |                     |          |
| F/2020/948<br>02/06/2020      | B15026693 Espina & Delfin, SL<br>Subministración de auga ao concello.<br>1º Trimestre 2020. Contador:<br>A13JE001036X   | 43200101271<br>22/05/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 161  | 22101 |                 | 2.517,37                     | 251,74         |          | 2.769,11              |                     |          |
| F/2020/949<br>02/06/2020      | Q2801660H ADIF - Administrador de<br>Infraestructuras<br>Ferroviarias<br>Arrendamento dos locais e do peirao<br>da estación do tren de Santa Cruz.<br>Período 01/06/2020-30/06/2020 | 2001028039<br>01/06/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 334  | 20200 |                 | 507,15                       |                |          | 507,15                |                     |          |
| F/2020/950<br>02/06/2020      | B36926640 Trapega Prevención de<br>Riesgos, S.L.<br>Servizo de vixilancia da saúde<br>anualidade 2019-2020 (Pago nº2/4).<br>Período do 13/02/2020 ao 12/05/2020                     | VC 5807<br>01/06/2020     | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 920  | 22706 | AD:220200000028 | 108,90                       |                |          | 108,90                |                     |          |
| F/2020/951<br>02/06/2020      | B36926640 Trapega Prevención de<br>Riesgos, S.L.<br>Servizo de prevención. Anualidade<br>2019-2020 (Pago nº2/4). Período do<br>13/02/2020 ao 12/05/2020                             | PT 6697<br>01/06/2020     | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 920  | 22706 | AD:220200000028 | 246,54                       |                |          | 246,54                |                     |          |
| F/2020/952<br>03/06/2020      | A83052407 S. E. Correos y<br>Telegrafos S.A.<br>Servizo de franqueo pagado<br>correspondente ao período<br>01/05/2020-31/05/2020  | 4002858111<br>31/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 920  | 22200 |                 | 81,00                        |                |          | 81,00                 |                     |          |
| F/2020/953<br>03/06/2020      | B15397672 Puente Ulla S.L.<br>Gasóleo A subministrado para o<br>vehículo 2820 KCN en maio/2020  | 20-651<br>31/05/2020      | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 170  | 22103 |                 | 64,00                        |                |          | 64,00                 |                     |          |

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 09-06-2020

| Núm. Entrada<br>Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social<br>Texto Explicativo   | Núm.Doc.<br>Fec.Doc.  | Situación<br>Grupo Factura | - APLICACIÓN - |            |             |        | I.V.A.<br>Deducible<br>Euros | - DESCUENTOS - |                     | Importe Fac.<br>Euros |          |
|-------------------------------|--|-----------------------|----------------------------|----------------|------------|-------------|--------|------------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|----------|
|                               |  |                       |                            | Año            | Org. Econ. | Prog. Econ. | RC,A,D |                              | Importes       | Conceptos Descuento |                       | Importes |
|                               |  |                       |                            |                |            |             |        |                              | Euros          |                     |                       | Euros    |
| F/2020/954<br>03/06/2020      | B15397672 Puente Ulla S.L.<br>Gasóleo A e carburante Adblue<br>subministrado ao vehículo 8697 KZK<br>en maio/2020                            | 20-652<br>31/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 135        | 22103       |        | 291,69                       |                |                     | 291,69                |          |
| F/2020/955<br>03/06/2020      | B15397672 Puente Ulla S.L.<br>Gasóleo A,, luvas e bobina de papel<br>para o vehículo 9047HPG<br>subministrados en maio/2020                  | 20-654<br>31/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 1621       | 22103       |        | 1.095,59                     |                |                     | 1.108,19              |          |
|                               |  |                       |                            | 2020           | 1621       | 22699       |        | 12,60                        |                |                     |                       |          |
| F/2020/956<br>03/06/2020      | B15397672 Puente Ulla S.L.<br>Gasolina 95 subministrada á brigada<br>verde en maio/2020  | 20-655<br>31/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 170        | 22103       |        | 105,65                       |                |                     | 105,65                |          |
| F/2020/957<br>03/06/2020      | B15397672 Puente Ulla S.L.<br>Gasolina 95 para a formigoneira da<br>brigada de obras subministrada en<br>maio/2020                           | 20-656<br>31/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 1531       | 22103       |        | 6,00                         |                |                     | 6,00                  |          |
| F/2020/958<br>03/06/2020      | B15397672 Puente Ulla S.L.<br>Gasolina 95 subministrada para PC en<br>maio/2020  | 20-657<br>31/05/2020  | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 135        | 22103       |        | 12,03                        |                |                     | 12,03                 |          |
| F/2020/959<br>03/06/2020      | B15106115 Aluminios Vedra, S.L.<br>Reposición de cristais en fiestras e<br>chapa de aluminio lacada en branco<br>no centro de saúde de Vedra | 87<br>02/06/2020      | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 312        | 21300       |        | 141,57                       |                |                     | 141,57                |          |
| F/2020/960<br>03/06/2020      | B36366474 Marbe Hispania, S.L. -<br>Hormigones<br>Formigón subministrado para<br>realización de gabia en Ximonde (San<br>Miguel de Sarandón) | A/24666<br>31/05/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 1531       | 21300       |        | 206,49                       |                |                     | 206,49                |          |



**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 09-06-2020

| Núm. Entrada<br>Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social<br>Texto Explicativo   | Núm.Doc.<br>Fec.Doc.     | Situación<br>Grupo Factura | - APLICACIÓN - |            |                   | I.V.A.<br>Deducible<br>Euros | - DESCUENTOS -   |               | Importe Fac.<br>Euros |                     |                  |
|-------------------------------|--|--------------------------|----------------------------|----------------|------------|-------------------|------------------------------|------------------|---------------|-----------------------|---------------------|------------------|
|                               |  |                          |                            | Año            | Org. Prog. | Econ.<br>Proyecto |                              | RC,A,D           | Importes      |                       | Conceptos Descuento | Importes         |
|                               |  |                          |                            |                |            |                   |                              |                  | Euros         |                       |                     | Euros            |
| F/2020/977<br>04/06/2020      | A15000649 La Voz de Galicia, S.A.<br>Publicación en El Comarcal de Santiago. Maio/2020   | P20 004111<br>31/05/2020 | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 920        | 22602             |                              | 242,00           |               |                       | 242,00              |                  |
| F/2020/980<br>04/06/2020      | 44808385S Pichel Ortigueira Francisco Javier<br>Mantemento pista de rodadura de Vedra en maio/2020   | 30<br>29/05/2020         | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 341        | 21300             |                              | 290,40           |               |                       | 290,40              |                  |
| F/2020/981<br>04/06/2020      | 44808385S Pichel Ortigueira Francisco Javier<br>Corta e picado de árbore e roce en parte posterior do concello en maio/2020                  | 31<br>29/05/2020         | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 920        | 22699             |                              | 145,20           |               |                       | 145,20              |                  |
| F/2020/982<br>04/06/2020      | 44808385S Pichel Ortigueira Francisco Javier<br>Corta de herba e limpeza na contorna do centro de saúde e parque infantil en maio/2020       | 32<br>29/05/2020         | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 312        | 21300             |                              | 145,20           |               |                       | 145,20              |                  |
| F/2020/983<br>04/06/2020      | 44820129Y Silva Fernandez Manuel (Carpintería M. Silva)<br>Subministración e colocación rodapé, e arranxo de mesas na casa da terceira idade | 30<br>01/06/2020         | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 231        | 21200             |                              | 963,16           |               |                       | 963,16              |                  |
| F/2020/984<br>04/06/2020      | G70007513 Club Olimpico de Vedra<br>Achega municipal segundo convenio asinado co concello. Maio/2020   | E15<br>30/05/2020        | Conformada<br>ALCALDÍA     | 2020           | 341        | 48000             |                              | 1.000,00         |               |                       | 1.000,00            |                  |
| <b>Totales . . . . .</b>      |  |                          |                            |                |            |                   |                              | <b>85.373,03</b> | <b>364,18</b> |                       | <b>123,00</b>       | <b>85.737,21</b> |